



XESTUR



SC15-0544

26/03/2015

Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A

galicia

CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 26 de marzo de 2015, acordou convocala Xunta Xeral de accionistas, que se celebrará en Área Central, local 25Z-1º andar, Polígono Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, o 27 de abril de 2015, ás 11.00 horas en primeira convocatoria ou, de non alcanzarse o quorum necesario, ó día seguinte, 28 de abril de 2015, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ó obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte :

ORDE DO DIA

- 1º. Aprobación, se procedera, das contas anuais de 2014.
- 2º. Acordo, se procedera, de compensación de perdas e ganancias a través da aplicación da prima de emisión e das reservas voluntarias.
- 3º. Acordo, se procedera, de redución de capital coa finalidade de restablecer o equilibrio entre capital e patrimonio neto diminuído como consecuencia de perdas.
- 4º. Proposta de aprobación, se procedera, da ampliación do capital social, a subscribir polo I.G.V.S. trala renuncia ao dereito de subscrición preferente por parte dos demais accionistas, e co fin de atender a amortización parcial prevista no préstamo sindicado subscrito pola sociedade coas entidades de crédito, e sometemento do acordo ao Consello da Xunta de Galicia, para a autorización do mesmo, se procedera.
- 5º. Modificación, no seu caso, dos artigos 6 e 7 dos Estatutos Sociais.
- 6º Aprobación, se procedera, das axudas de custo e indemnizacións dos Conselleiros pola súa asistencia ás reunións do Consello de Administración.
- 7º. Rogos e preguntas.
- 8º. Formalización e execución de acordos.
- 9º. Aprobación da Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Lei 1/2010, do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na Orde do día, as informacións ou aclaracións que estimen precisas , ou formular por escritos as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ó previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo conforme o artigo 272 e 288 do Real Decreto Lei 1/2010, do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital , calquera socio poderá obter da sociedade , de xeito inmediato e gratuito, os documento que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do auditor de contas.

En Santiago de Compostela a 26 de marzo de 2015.- O secretario do Consello de Administración.
Don Ángel Rodríguez González.

